

## Dúas importantes aportacións ó coñecemento da obra de Rosalía

**Xosé María Dobarro Paz**

### Formas de citación recomendadas

#### 1 | Por referencia a esta publicación electrónica\*

DOBARRO PAZ, XOSÉ MARÍA (2011 [1994]). “Dúas importantes aportacións ó coñecemento da obra de Rosalía”. *Anuario de Estudios Literarios Galegos*: 1993, 251-253. Reedición en *poesiagalega.org*. *Arquivo de poéticas contemporáneas na cultura*.  
<<http://www.poesiagalega.org/arquivo/ficha/f/1404>>.

#### 2 | Por referencia á publicación orixinal

DOBARRO PAZ, XOSÉ MARÍA (1994). “Dúas importantes aportacións ó coñecemento da obra de Rosalía”. *Anuario de Estudios Literarios Galegos*: 1993, 251-253.

\* Edición dispoñíbel desde o 9 de novembro de 2011 a partir dalgunha das tres vías seguintes: 1) arquivo facilitado polo autor/a ou editor/a, 2) documento existente en repositorios institucionais de acceso público, 3) copia dixitalizada polo equipo de *poesiagalega.org* coas autorizacións pertinentes cando así o demanda a lexislación sobre dereitos de autor. En relación coa primeira alternativa, podería haber diferenzas, xurdidas xa durante o proceso de edición orixinal, entre este texto en pdf e o realmente publicado no seu día. O GAAP e o equipo do proxecto agradecen a colaboración de autores e editores.

## Dúas importantes aportacións ó coñecemento da obra de Rosalía

---

*Xosé María Dobarro Paz*

Unha das eivas coas que se encontraron —e seguen a encontrarse— os estudos do renacer cultural e literario galego do século XIX radica tanto na dificultade de poder achegarse ós textos —dispersos en variadas e variopintas formas de transmisión (follas soltas, publicacións periódicas de todo tipo, manuscritos, etc.)— como, caso dos de acceso máis doado, da carencia de edicións feitas con rigor.

O ano 1993 —aínda que nunha delas figure nos créditos editoriais 1992— agasallounos coa publicación dos dous poemarios en galego de Rosalía de Castro, responsabilidade de Andrés Pociña-Aurora López<sup>1</sup> e Henrique Monteagudo-Dolores Vilavedra<sup>2</sup>.

A edición de *Cantares gallegos* inaugura unha nova colección da editorial Sotelo Blanco, “Clásicos Galegos”, que agardamos teña continuidade, máxime se o que se propón dar á luz mantén o nivel de altísima calidade que esta edición da obra rosaliana presenta.

Os editores, profesores da Universidade de Granada, Aurora López e Andrés Pociña, xa nos obsequiaran recentemente cun excepcional traballo ó redor da figura de Rosalía<sup>3</sup> e dado o nivel de coñecementos que da nosa poeta demostran nel non podíamos agardar menos da edición de que estamos a falar.

A edición vai precedida dunha “Introducción” na que se fai un preciso e documentado percorrido pola bio-bibliografía da nosa autora ata o ano da aparición da primeira edición dos *Cantares*, acompañado dunha pormenorizada aportación de datos referentes á problemática da súa xestión, dun minucioso e riguroso repaso crítico ás edicións anteriores da obra e máis dos criterios adoptados

para a súa edición. Este estudio introductorio finalízase cunha bibliografía “selecta e recente” (p. LVI) ordenada cronoloxicamente.

Como xa quedou apuntado claramente, ou iso cremos, a edición é, ó noso xuízo, impecable, non obstante queremos manifestar algunhas dúbidas a respecto dos criterios de fixación do texto empregados. Coincidimos plenamente cos editores en que “a finalidade de toda edición crítica dunha obra literaria debe se-la reconstrución dun texto que sexa o máis semellante posible ó último do seu autor, ou, se se quere, ó que este considerou definitivo” (p. XLVI), así como en que se deben manter “tódalas inconsecuencias, variantes, dobretes, erros gramaticais” (p. XLVII)<sup>4</sup>, coa finalidade de “le-los versos de Rosalía no galego de Rosalía” (p. XLVIII). No que, cando menos a priori, non estamos tan de acordo é en manter as “faltas de ortografía” (p. XLVII) por máis que reflectan “moi a miúdo as dúbidas e vacilacións da propia poeta neste eido” (ib.). Entendemos que nunha edición tan ben anotada como a que estamos a comentar, mesmo para un lector de “certo nivel cultural” (p. LVIII), debe moderarse a ortografía tal e como fixeron, na edición do Padroado Rosalía de Castro, Carballo Calero e Lydia Fontoira, a pesar de non levar aparato crítico, e referímonos a ortografía e non a léxico. Nós trocaríamos *vágoas* en *bágoas* —con *v* xa aparece nas notas de rodapé— pero non *gallegos* en *galegos*, entre outras razóns por non estarmos convencidos totalmente de que editar un clásico contemporáneo sexa o mesmo que editar un clásico medieval ou renacentista.

A edición de *Follas novas*, realizada polos profesores da Universidade de Santiago, Henrique Monteagudo e Dolores Vilavedra, tamén vai precedida dunha “Introducción” na que se abordan aspectos biográfico-literarios —con aportación de datos nunca manexados, interesantes, aínda que non conclusivos, para a fixación das datas de composición e aparición da primeira edición—, lingüísticos e socio-lingüísticos. Ó noso entender, o que se refere á biografía vital e literaria, cun enfoque diferente ó empregado na edición de *Cantares*, é interesante e contextualiza correctamente tanto a autora como a obra, se ben botamos de menos unha análise crítica pormenorizada das edicións anteriores. Polo contrario, encontramos excesivo, nunha edición destas características, o número de páxinas dedicadas ó “Estudio lingüístico e sociolingüístico”, sobre todo ó primeiro.

Canto ós criterios de edición, pensamos que os editores cumpriron máis que satisfactoriamente co obxectivo proposto de “achegar o texto ós lectores actuais [...] para facilitarlles a lectura da obra” (p. 101) ademais de conseguir “que o seu manexo non sexa excesivamente complicado para o simple lector nin inútil por falta de rigor para o estudioso” (ib.). Parécenos de grande interese incluír nas notas de rodapé as variantes dos poemas publicados na prensa periódica da época. Pola contra, non nos semella tan ben renunciar a reflectir tódalas diferencias con editores anteriores, máxime cando só se trata de cinco.

Polo que se refere á modernización —unha vez que se opta por ela, en oposición ó criterio de A. Pociña e A. López— pensamos que se debería ter ido máis alá, sobre todo na supresión de apóstrofos e guións. No caso dos primeiros parece sabio e prudente non restituír a vocal correspondente naquelas palabras en que Rosalía vacila cando as representa en forma plena (*ond’, com’, s’*), ou cando se trata de contraccións insólitas na escrita actual (*tod’as* por *todas as* ou *tódalas*), pero non estamos tan convencidos da bondade de non recuperalas —se a forma utilizada pola autora vai a rodapé— cando non presentan ningún tipo de pro-

blema (*qu'* por *que*, *d'* por *de*, *bastr'* por *bastra*, *m'* por *me*, *t'* por *te*, etc.). No tocante ó guión non nos convence en demasía a súa utilización cando se trata de unir un *i* antihiático coa palabra seguinte (*i-eu*, *i-almá*).

En definitiva, o noso xuízo é que estamos perante de dúas edicións feitas con todo rigor e que, en consecuencia, nos facilitan un mellor e maior achegamento á obra poética rosaliana.